



N. Expediente	3724/2024
F. Apertura	25/09/2024
Serie documental	S0270 - Contratacións de servizos por procedemento aberto simplificado
Asunto	Subministración, en réxime de aluguer, do alumeadado público ornamental do Nadal 2024

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE

1.- Obra no expediente Prego de Prescricións Técnicas (PPT) elaborado en data 25.09.2024 polo enxeñeiro técnico municipal para a execución do contrato de subministración, en réxime de aluguer, de ILUMINACIÓN EXTERIOR-ORNAMENTAL DAS RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE TUI DURANTE AS FESTAS DO NADAL 2024-2025, por un importe máximo de 45.454,00 euros máis 9.545,34 euros (Total 54.999,34 euros.)

2.- Consta no expediente informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal de data 25.09.2024 sobre CPV do contrato e xustificación da non división da subministración en lotes.

3.- En data 15.10.2024 emítese Memoria Xustificativa da necesidade a satisfacer do contrato de subministración por procedemento aberto simplificado da ILUMINACIÓN EXTERIOR-ORNAMENTAL DAS RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE TUI DURANTE AS FESTAS DO NADAL 2024-2025.

4.- En data 15.10.2024 se incoa o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, do contrato de subministración de ILUMINACIÓN EXTERIOR-ORNAMENTAL DAS RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE TUI DURANTE AS FESTAS DO NADAL 2024-2025, por un importe máximo de 45.454,00 euros máis 9.545,34 euros (Total 54.999,34 euros.), de acordo co PPT elaborado polo enxeñeiro técnico municipal de data 25.09.2024.

Os CPV identificativos do contrato son:

- 31520000-Lámparas y accesorios de iluminación.,
- 31527200-Luces para alumbrado exterior.

O procedemento de licitación do contrato de subministración que se propón será o de procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, considerando que dito procedemento é o máis axeitado e eficiente para a finalidade que se pretende, dada a natureza do contrato e a conveniencia de promover a concorrência na presentación de proposicións, e tendo en conta que o valor estimado do contrato é inferior





EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

a 140.000,00 € e que entre os criterios de adxudicación que se propoñen existen criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, sen que a súa ponderación supere o 25 por cento do total. Así mesmo o procedemento aberto simplificado é un dos procedementos de adxudicación ordinarios previsto no artigo 131 da LCSP.

5.- Consta emitido Documento RC por importe de 54.999,34 euros, suficiente para financiar o contrato.

6.-_Consta emitido documento de Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) , de data 25.10.2024.

7.- Constan informes xurídicos do Técnico de Xestión así como Nota de Conformidade do Secretario, de datas 25.10.2024.

Polo exposto e ó abeiro do art. 116 e 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e visto informe favorable de fiscalización de data 28/10/2024, en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e concretamente a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar para este asunto en concreto (Expte. 3724/2024) as competencias previamente delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo decreto de data 04/07/2023, dado que o acendido do alumeadado se fixa para o día 1 de decembro 2024.

Segundo.- Xustificar a celebración do contrato polos seguintes motivos, de acordo coa Memoria Xustificativa da necesidade do contrato, emitida o 15.10.2024: *“O Concello de Tui estima necesario levar a cabo, como tradicionalmente ven facendo, a decoración das vías e espazos públicos de titularidade municipal durante a época do Nadal, co fin de dinamización do comercio, que pode encadrarse na competencia municipal prevista no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

De acordo co exposto se entende xustificada a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as necesidades expostas, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)”

Terceiro. Aprobar o expediente de contratación, o PPT (asinado o 25.09.2024 polo enxeñeiro técnico municipal) e o PCAP que rexerá a contratación asinado en data 25.10.2024, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, da ILUMINACIÓN EXTERIOR-ORNAMENTAL DAS RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE TUI DURANTE AS FESTAS DO NADAL 2024-2025, ascendendo o tipo de licitación a 45.454,00 euros máis 9.545,34 euros (Total 54.999,34 euros.).

Cuarto. Autorizar o gasto correspondente para a contratación da subministración por importe de 54.999,34 euros con cargo á partida orzamentaria nº 2024/1/334/2269901.





EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

Quinto. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e que se publique o anuncio correspondente no perfil do contratante, conforme aos pregos aprobados. As proposicións para tomar parte na licitación se presentarán dentro do prazo de **15 días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do procedemento aberto simplificado no Perfil del Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Estado (PLACE). Dispor asimismo a publicación no perfil do contratante da resolución de aprobación do expediente de contratación.

Mándao e asínao o alcalde, Enrique Cabaleiro González.
Documento asinado dixitalmente á marxe.

